

Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 181, do 23.9.1991.

Emendas, BOPG núm. 215, do 29.11.1991.

Debate de totalidade, DSPG núm. 16, do 12.5.1992.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 43, do 2.7.1993.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 432, do 17.7.1993.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 432, do 17.7.1993.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 165, do 21.7.1993.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 434, do 28.7.1993.

Diario Oficial de Galicia núm. 161, do 23.8.1993. Corrección de erros: DOG núm. 172, do 7.9.1993.

Boletín Oficial del Estado núm. 271, do 12.11.1993.

Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia

Esta lei foi derogada pola Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, promulga o Estatuto de autonomía para Galicia, que é a súa norma legal básica. O artigo 27.19 do noso estatuto establece como competencia propia da Comunidade Autónoma o fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 148.2 da Constitución de 1978.

A Constitución española, no seu artigo 148.1.17.º, recolle a mesma competencia e reserva, así mesmo, no artigo 149.1.15.º o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica como competencia exclusiva do Estado.

En cumprimento do mandato constitucional do artigo 149.1.15.º promulgouse a Lei estatal 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica. Esta lei establece os necesarios instrumentos para defini-las liñas prioritarias de actuación en materia de investigación científica e técnica, programa-los recursos e coordina-las actuacións entre os sectores productivos, os centros de investigación e as universidades. Estes son os grandes principios —tal como

se di na exposición de motivos da Lei estatal 13/1986— que a inspiran de cara a unha política científica integral.

Cómpre salientar así mesmo que esta lei estatal crea o Consello Xeral da Ciencia e da Tecnoloxía como organismo de coordinación da Administración do Estado e das comunidades autónomas que teñen competencias asumidas no fomento da investigación.

Esta lei, xunto co mandato constitucional do artigo 44.2, que obriga os poderes públicos a promover a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral, constitúe o marco legal de referencia para a construción das regulamentacións do fomento da investigación propias das comunidades autónomas con competencias asumidas nese ámbito.

Na nosa Comunidade Autónoma houbo dous intentos de regular a política científica:

O Decreto 19/1987, do 14 de xaneiro, polo que se crea a Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (CICETGA), foi o primeiro inten-

to. Constituíuse a Comisión «para deseñar unha política científica que coordine tódolos sectores afectados, co fin de planificar e programa-las prioridades científicas con forza para darlles pulo ás investigacións orientadas a resultados beneficiosos para a comunidade». Esta Comisión foi suprimida, e o decreto derogado un ano máis tarde, en aplicación da Lei galega 8/1988, do 18 de xullo (DOG do 2 de agosto), do Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia, que foi o segundo intento.

O reto tecnolóxico das sociedades modernas e o mandato constitucional obrigan a afrontar sen ambigüidades o problema da relación ciencia-tecnoloxía cos sectores productivos e coas esixencias socioeconómicas. A dependencia tecnolóxica, cada vez maior, que padecen os países menos desenvolvidos esíxenos unha postura estratéxica que nos permita chegar á fin do presente século en condicións dunha favorable equiparación.

A estratexia para a Galicia do futuro ten que fundamentarse nunha política de innovación tecnolóxica que debe logralo imprescindible clima que, baseado nun sistema de ciencia-tecnoloxía, asegure o desenvolvemento tecnolóxico. Esta actitude reclama para si unha forte relación entre as comunidades científica e empresarial. É evidente o papel que, en todo proceso de desenvolvemento

tecnolóxico, teñen que xoga-las universidades e outras institucións científicas. Pero, nunha fase de lanzamento, sempre lles corresponde ós poderes públicos fomentar a investigación, creando ese clima innovador para Galicia.

Cómpre apostar pola creación dun sistema de coordinación dos recursos da investigación de xeito eficaz para que a investigación sexa motor de desenvolvemento productivo de Galicia.

Os empresarios mesmos son o factor concorrente, xunto co científico e co político, para acadalos obxectivos que esta estratexia persegue. Así mesmo, esta estratexia reclama un cambio de mentalidade na propia Administración: pensalo exercicio das competencias departamentais non illadas, senón orientadas a obxectivos conxuntados polo fomento da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico. Este principio ten que abranguer tódalas ramas do saber, asegurando o aproveitamento óptimo dos recursos.

Para levar a adiante os seus principios esta lei crea:

— O Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, que é o conxunto de programas coordinados, presupostados, priorizados e financiados que responden á política científica e tecnolóxica da Comunidade Autónoma.

— A Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral do

Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Ámbolos dous entes elaboran e executan o plan e emítenlle informe ó Parlamento sobre o seu desenvolvemento.

— O Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, que é o vínculo efectivo entre os axentes sociais, a comunidade científica e os responsables da política científica e tecnolóxica da Comunidade Autónoma.

— Os centros tecnolóxicos, como organismos executores de I+D en ámbitos de interese estratégicos para o desenvolvemento productivo de Galicia.

Así mesmo, a Lei de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia establece para acadalos seus fins:

— A coordinación das actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico dos diferentes departamentos.

— A concertación con programas estatais, autonómicos e comunitarios de I+D.

— A avaliación, o seguimento e mailo financiamento do plan.

— A harmonización dos programas que han de executarse no plan.

— A incorporación dos sectores productivos nas tarefas de planificación e execución das actividades de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico.

Trátase, en definitiva, de establecer un clima innovador para Galicia, propiciando unha estrutura diferenciada, vinculada funcionalmente de xeito inequívoco e congruente co principio de coordinación dos recursos de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico que latexa na presente lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Capítulo I

Ámbito e fins

Artigo 1

1. A presente lei ten por obxecto o fomento da investigación científica, a innovación tecnolóxica, a normalización e homologación necesarias para acelerar a integración de Galicia no mercado europeo e a súa presenza efectiva nos mercados internacionais. Así mesmo, por medio da presente lei, a Comunidade Autónoma galega pretende promover as relacións entre os centros de investigación e os sectores sociais interesados no desenvolvemento económico, social e productivo de Galicia.

2. Os fins desta lei serán os seguintes:

a) Fomenta-la investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico.

b) Favorece-la mellora tecnolóxica do sistema productivo de Galicia.

c) Coordina-los recursos dedicados á investigación e ó desenvolvemento tecnolóxicos, así como concertalos cos procedentes de achegas do plan estatal e dos fondos da Comunidade Europea.

d) Contribuír á solución dos problemas científicos, económicos, sociais e culturais, á eliminación das desigualdades e discriminacións, á elevación da calidade de vida e máis á difusión e ó aproveitamento dos resultados obtidos pola ciencia e pola investigación.

e) Axudar á formación de novos científicos e investigadores en Galicia.

Capítulo II

Do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico

Artigo 2

Créase o Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Este plan terá por obxecto a coordinación dos recursos, o fomento da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a súa posible concertación con plans

es-tatais e programas de carácter bilateral ou multilateral de comunidades autónomas.

Artigo 3

1. O plan fixará os programas de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, as accións que promova a Comunidade Autónoma galega nestes temas e a participación nos programas de cooperación nacional e internacional.

2. O plan orientarase, esencialmente, cara ós seguintes obxectivos:

a) O progreso do coñecemento científico na Comunidade Autónoma e a conservación, a promoción e o aproveitamento óptimo dos recursos humanos e físicos.

b) O avance da innovación e do desenvolvemento tecnolóxico e a subseguinte incidencia na capacidade competitiva dos sectores productivos.

c) A formación de novos científicos, investigadores e especialistas que se estimen necesarios para o desenvolvemento tecnolóxico, velando especialmente por unha verdadeira igualdade de oportunidades no acceso á actividade investigadora.

d) A prestación dos servicios máis adecuados para a comunidade científica galega e as institucións comprometidas no seu desenvolvemento.

e) A mellora da calidade de vida, tanto no relativo ó benestar social como á saúde.

f) A mellora da calidade do ensino mediante o establecemento de sistemas que aseguren a igualdade de oportunidades no desenvolvemento intelectual.

g) A aplicación da tecnoloxía para a defensa e conservación do medio ambiente natural, e en especial do aire, a auga, a flora, a fauna, o solo, o clima e as costas, entre outros.

h) O aforro enerxético nos procesos productivos, o aproveitamento integral das materias primas naturais e compostas, a súa reutilización e o fomento das tecnoloxías limpas.

i) A participación das empresas e institucións no fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico.

j) O fomento do deseño e da creatividade tecnolóxica.

k) A conservación, defensa e promoción do patrimonio histórico, cultural e lingüístico de Galicia.

l) A adecuación da sociedade galega ós cambios que levan consigo o desenvolvemento científico e as novas tecnoloxías.

Artigo 4

1. O plan fomentará tanto a investigación científica e tecnolóxica nos distintos eidos do coñecemento como a difusión dos resultados e a transferencia de tecnoloxía, de maneira que fagan posible o mantemento e a promoción de equi-

pos de investigación nas universidades, nas empresas e demais centros de investigación e a mellora do sistema productivo de Galicia.

2. Para o cumprimento do previsto no punto anterior a Comunidade Autónoma galega será responsable:

a) Da rápida, efectiva e continuada transferencia de información científica e tecnolóxica ás institucións, grupos industriais, sociedades agrarias e sociedades de servicios, así como ás de investigación e enxeñaría.

b) Da necesaria coordinación entre os centros de investigación, a universidade, a empresa e as fundacións que promocionen a investigación científica e técnica.

c) Do seguimento dos programas, da súa rendibilidade económica, social e científica e da súa incidencia no progreso e desenvolvemento permanente da sociedade galega.

3. O plan estará composto, cando menos, polos seguintes elementos:

a) Unha planificación xeral das actividades por desenvolver, coa descrición detallada das mesmas, dos obxectivos de rendibilidade económica, social e científica e das vías para o seu logro e calendario.

b) A valoración dos gastos correspondentes a cada unha das accións descritas nos programas e os presupostos previstos para cada

un deles, especificando as operacións correntes e de capital.

c) Os mecanismos necesarios para o control da correcta aplicación dos fondos presupostados e a difusión das conclusións obtidas.

d) O financiamento previsto con cargo ós presupostos da Comunidade Autónoma, as demais achegas estatais ou comunitarias e as de organismos de carácter público ou privado.

4. O plan fomentará, igualmente, a investigación aplicada, así como o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación industrial.

Artigo 5

1. O cumprimento do plan efectuarase mediante a elaboración e aplicación de programas de diferente carácter temático e temporal.

2. Para a elaboración dos programas que integren o plan, así como para a estruturación das súas bases e do seu desenvolvemento, teranse en conta:

a) As necesidades económicas, culturais e sociais de Galicia.

b) Os recursos humanos e materiais existentes e as súas posibilidades de promoción e expansión, así como as necesidades de futuro.

c) Os recursos económicos e presupostarios dispoñibles e a necesidade dun financiamento regular para o mantemento e a promoción da investigación científica e tecnolóxica.

d) A previsión dos problemas de futuro nos que poidan incidir a ciencia e a tecnoloxía e a creación da estratexia necesaria para orientalas cara á satisfacción das necesidades humanas.

e) A necesidade de acadar unha elevada capacidade propia na ciencia, na tecnoloxía e na difusión da normalización.

f) A conveniencia de acceder a tecnoloxías externas mediante procesos de incorporación selectivos adecuados en cada caso ó desenvolvemento da capacidade científica e tecnolóxica galega.

g) As posibilidades de concertación co Plan nacional de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico.

h) As repercusións humanas, sociais e económicas que puidesen resultar da investigación científica e da súa aplicación tecnolóxica.

Artigo 6

1. O plan estará integrado por programas xerais, sectoriais e horizontais, que serán definidos e coordinados, se é o caso, pola Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia.

2. De acordo co previsto no punto anterior establécense os seguintes programas:

a) Programas xerais de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, que serán aqueles que polo seu interese xeral se consideren de carácter prioritario. Estes

programas serán financiados con cargo ó plan.

b) Programas sectoriais de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, que serán os propostos por cada unha das consellerías ou dos organismos autónomos da Comunidade Autónoma galega, sempre que teñan financiamento parcial con cargo ó plan e estivesen coordinados polo mesmo.

c) Programas horizontais de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, que serán aqueles que, recollendo aspectos comúns dos diversos programas, son financiados polo plan e coordinados pola Comisión.

d) Os programas propios das consellerías e dos organismos autónomos da Comunidade Autónoma galega que non teñan financiamento con cargo ó plan e sexan desenvolvidos por eles serán postos en coñecemento da Comisión a través da Secretaría Xeral.

Artigo 7

1. Poderán propoñer programas para a elaboración do plan galego as distintas consellerías da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral do Plan, os organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan competencias en investigación e desenvolvemento tecnolóxico e o Consello Asesor ó que se refire o artigo 14 da presente lei.

2. Cada programa terá que defini-las súas accións por ámbitos de

interese para a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico. Cada un deles describirá as súas actividades en todos ou nalgúns dos puntos seguintes:

a) Formación de persoal investigador e dos especialistas necesarios para a innovación tecnolóxica.

b) Infraestrutura.

c) Proxectos concertados, nos que se proporcionarán resultados de utilización directa para o desenvolvemento tecnolóxico.

d) Proxectos orientados, que teñan utilidade para o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica.

e) Accións especiais e outro tipo de actividades que se consideren desde o propio programa.

3. Cada programa proposto incluírá o seu posible presuposto e a forma de financiamento.

4. Os programas do plan estarán formulados por prioridades e agruparanse por áreas afíns polo seu interese común para o desenvolvemento tecnolóxico.

5. Cada un dos programas do plan galego terá que ser definido nos seus obxectivos e fixará as prioridades respecto das accións que se establezan dentro do seu eido competencial.

6. Daráselles prioridade a aqueles proxectos que fomenten e desenvolvan as potencialidades científicas e tecnolóxicas da Comunidade Autónoma ou a transferencia de tecnoloxía.

Artigo 8

Para os efectos de concertación co plan estatal, o plan galego revisarase anualmente, asegurándose a súa continuidade mediante unha memoria, que conterá as aplicacións que procedan, así como a información precisa da súa evolución e do seu cumprimento. Esta memoria, elaborada pola Comisión, será aprobada pola Xunta de Galicia e remitida posteriormente ó Parlamento galego para o seu coñecemento.

Artigo 9

Para os efectos de distribución dos recursos financeiros, os programas definiranse de xeito que permitan unha identificación, se é o caso, cos do Plan nacional de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico e cos da Comunidade Europea.

Artigo 10

1. O Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico financiarase con cargo ós presupostos xerais da Comunidade Autónoma, con fondos comunitarios e estatais e coas achegas doutras entidades públicas ou privadas que participen ou teñan interese en impulsa-los distintos proxectos de investigación científica e técnica, fixándose como obxectivo o investimento do 2% do produto nacional bruto de Galicia (PNB), que se acadará progresivamente ó longo dos próximos anos.

2. Constituirase o Fondo Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico para o financiamento do plan. Este fondo estará definido nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

Capítulo III

Da Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia

Artigo 11

1. Para a planificación, elaboración, coordinación e seguimento do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, créase a Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (CICETGA).

2. A Comisión estará composta por un presidente, un vicepresidente, un secretario e un número de vocais, na forma que regulamentariamente se determine.

3. A Comisión estará encargada da elaboración e aprobación inicial do plan, e elevarallo á Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva e posterior remisión ó Parlamento, para o seu coñecemento.

4. Ademais da elaboración e aprobación inicial do plan, a Comisión desenvolverá as seguintes funcións:

a) Proponerlle á Xunta de Galicia a asignación dos fondos públicos destinados ós diferentes programas que integran o plan e atribuírlle,

cando proceda, a xestión, a execución e a determinación ou modificación da súa duración.

b) Avalia-lo cumprimento do plan e a súa execución presupostaria.

c) Elevarlle á Xunta de Galicia as propostas que estime necesarias para asegura-lo desenvolvemento e cumprimento do plan galego.

d) Revisar anualmente o plan e elabora-la memoria á que fai referencia o artigo 8.

e) Emitir informe e propoñerlle ó Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, os programas de investigación do plan galego que se concerten co Plan nacional de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico.

f) Cualifica-los programas do plan.

g) Coordina-las actividades e os programas de investigación que as distintas consellerías e organismos competentes realicen en cumprimento do plan, así como determina-las actuacións de apoio e asistencia técnica que teñan relación coas mencionadas actividades.

h) Orienta-la política de formación de investigadores en tódolos seus niveis, propoñer medidas para o fomento do emprego dos mesmos e facilita-la súa mobilidade nos ámbitos investigador e productivo.

i) Recadar, coordinar e subministra-la información científica e tecnolóxica necesaria para o cumprimento do plan.

j) Emitirlle informe periodicamente á Xunta sobre a coordinación e o cumprimento do plan.

5. A Comisión poderá delegar parte das súas funcións nunha Comisión Delegada. A estrutura e o funcionamento da mesma estableceranse regulamentariamente. Non son delegadas as funcións sinaladas coas letras a), b), c), d), f) máis e) do punto anterior.

6. O vicepresidente da Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia ou a persoa en quen delegue será o representante da Comunidade Autónoma no Consello Xeral da Ciencia e da Tecnoloxía establecido pola Lei estatal 13/1986, do 14 de abril.

Este representante será o portavoz dos intereses específicos do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e xestionará a concertación co plan estatal dos programas que o requiran.

Capítulo IV

Da Secretaría Xeral do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico

Artigo 12

1. Créase a Secretaría Xeral do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

2. A Secretaría Xeral terá as seguintes funcións:

a) A redacción do anteproxecto do plan, seguindo as directrices da Comisión e tendo en conta os programas que se propoñan. A Secretaría deberá remitirle este anteproxecto ó Consello Asesor para que emita informe sobre el. O anteproxecto, logo de informado, será sometido á Comisión para a súa elaboración e aprobación inicial.

b) A xestión técnica, presupostaria e administrativa da coordinación, do seguimento e mais da avaliación que, en relación co plan galego, lle corresponda á Comisión Interdepartamental.

c) O labor de asistencia á Comisión Interdepartamental nas súas funcións.

d) Mante-lo Rexistro administrativo de centros e institucións de investigación e de investigadores.

e) Favorece-la difusión de coñecementos, información e promoción da ciencia e da tecnoloxía.

f) Promover intercambios de información científica e tecnolóxica entre os centros de investigación, as universidades e a empresa.

g) Coñece-la marcha das investigacións, dos programas e dos proxectos a través do servicio informativo que proceda a partir

dos datos que os adxudicatarios de programas e accións incluídas no plan galego estarán obrigados a achegar anualmente.

h) Coñece-los programas e proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico nos que participan os centros e as institucións de investigación de Galicia.

Artigo 13

1. A Secretaría Xeral quedará organicamente vinculada á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. A Secretaría, para o correcto cumprimento das súas funcións, poderá solicita-la colaboración dos departamentos da Comunidade Autónoma e de universidades, organismos públicos e entidades ou empresas de carácter público ou privado.

A Secretaría ademais, co fin de colaborar na elaboración, coordinación, avaliación, seguimento e difusión do plan, poderá adscribir temporalmente, a tempo completo ou parcial e con reserva do posto de traballo, logo de autorización do organismo de procedencia, o persoal científico, os expertos en desenvolvemento tecnolóxico e os outros especialistas relacionados cos obxectivos do plan que presten servicios na Administración da Comunidade Autónoma, universidades, organismos públicos e entidades ou empresas de carácter público.

Capítulo V

Do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico

Artigo 14

1. Créase o Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, que estará composto por presidente, secretario e vocais, que representen as universidades, a Comunidade Autónoma e os axentes sociais, no modo que regulamentariamente se determine.

Artigo 15

Serán funcións do Consello Asesor as seguintes:

a) Propoñer obxectivos para a súa incorporación ó plan galego.

b) Propoñerlle á Comisión a incorporación ó plan daqueles programas que considere importantes.

c) Emitir informe sobre o anteproxecto do plan.

d) Emiti-los informes que lle sexan requiridos pola Comisión Interdepartamental de cara á elaboración da memoria anual.

Capítulo VI

Dos organismos xestores

Artigo 16

A xestión e a execución do plan encomendaránselles, preferentemente, ós organismos científicos

dependentes da Administración autonómica, institucións públicas e privadas, fundacións, universidades e empresas radicadas en Galicia.

Artigo 17

Serán funcións dos organismos xestores do plan:

a) Xestionar e executar aqueles programas e proxectos que lles sexan encomendados no plan, de acordo coa súa especialidade e co seu interese.

b) Colaborar coa Secretaría Xeral do Plan na prospección de liñas de investigación.

c) Servir de canle, cando proceda, para facerlles chega-los resultados da investigación a entidades productivas para a súa aplicación.

d) Desenvolve-los programas de formación de investigadores que no plan galego se lles encomenden.

Capítulo VII

Dos centros tecnolóxicos

Artigo 18

Poderán crearse centros tecnolóxicos, destinados a potencia-lo desenvolvemento do sistema productivo de Galicia en ámbitos de interese estratéxico para a súa innovación e mellora.

Artigo 19

Os centros ós que se refire o artigo anterior desempeñarán fun-

cións de investigación e desenvolvemento tecnolóxico en ámbitos de interese estratéxico para a competitividade e o desenvolvemento productivo de Galicia, e primordialmente nos seguintes campos:

— Control de calidade dos produtos.

— Normalización e homologación.

— Investigación e desenvolvemento tecnolóxico en tecnoloxías da transformación, produción e explotación.

— Transferencias da tecnoloxía.

— Innovación empresarial.

— Enerxías renovables.

— Protección ambiental.

— Novos materiais.

Artigo 20

1. A declaración de entes, institucións, organismos ou empresas, de natureza pública ou privada, como centros tecnolóxicos de Galicia farase por decreto da Xunta, logo de informe da Comisión, por proposta da consellería que teña competencias no ámbito de investigación e desenvolvemento tecnolóxico do centro ó que se refire a declaración.

2. A declaración de centro tecnolóxico daralle dereito a acceder ás subvencións e axudas que para eles se determinen. No decreto declarativo fixaranse as caracterís-

ticas propias e o ámbito de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no que exercerá a súa función.

3. Así mesmo, poderán te-la consideración de centros tecnolóxicos aqueles servicios administrativos sen personalidade xurídica propia que desenvolvan funcións de investigación e desenvolvemento tecnolóxico dependendo dunha determinada consellería. A súa declaración como centro tecnolóxico efectuarase polo procedemento sinalado no punto anterior.

Os servicios administrativos sen personalidade xurídica propia que acaden a declaración de centros tecnolóxicos:

— Estarán adscritos á consellería competente por razón de ámbito de investigación e desenvolvemento tecnolóxico que exerzan. Os seus presupostos estarán integrados nos da correspondente consellería, coa diferenciación de créditos que se lles asignen.

— Cada centro tecnolóxico terá un director, ó que lle corresponderá a xestión xeral, a ordenación do gasto e a proposta de pagamento dos créditos asignados, que estarán sometidos ó control da Intervención Delegada da consellería da que dependa na súa función presupostaria.

Artigo 21

Os centros tecnolóxicos de Galicia terán a condición de organismos executores do Plan galego de

investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

Artigo 22

A Xunta de Galicia determinará e publicará no *Diario Oficial de Galicia* as condicións que deben cumprilos entes, as institucións, os organismos ou as empresas para seren declarados centros tecnolóxicos.

Capítulo VIII

Do Rexistro

Artigo 23

1. Dependente da Secretaría Xeral do Plan, créase o Rexistro de centros e institucións de investigación e de investigadores. Os seus obxectivos serán os seguintes:

a) Identifica-las devanditas institucións e persoas.

b) Coñece-los centros na súa estrutura, organización e preparación para calquera acción concertada ou de fortalecemento dos mesmos.

2. Deberán inscribirse no Rexistro as institucións, os organismos e as empresas públicas que formen parte da Administración autonómica e desenvolvan funcións de investigación, así como as institucións, as empresas e os organismos dos sectores público e privado que perciban algún dos beneficios que a comunidade institúa para os fins desta lei.

3. Os investigadores que realicen a súa función en institucións públicas ou privadas deberán estar inscritos no Rexistro sempre que desenvolvan a súa actividade investigadora de acordo con algún dos programas incluídos no Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

Disposición adicional primeira

A Xunta de Galicia poderá crear ou participar en sociedades mercantís que teñan como obxectivo a realización de actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico ou a prestación de servizos técnicos relacionados coas mesmas.

Disposición adicional segunda

No prazo non superior a tres meses, logo da entrada en vigor desta lei, a Xunta procederá ó nomeamento dos membros da Comisión.

Disposición adicional terceira

No prazo de seis meses, logo da entrada en vigor desta lei, deberá constituírse o Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico.

Disposición adicional cuarta

Os organismos autónomos e as entidades que fosen creados con competencias e funcións na promoción e innovación tecnolóxica terán o carácter de organismos executores do plan e, así mesmo,

poderán propoñerlle programas á Comisión para a súa catalogación e priorización.

Disposición adicional quinta

No prazo de un ano, logo da entrada en vigor desta lei, a Comisión elevaralle o plan ó Consello da Xunta para a súa aprobación.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas a Lei 8/1988, do 18 de xullo, do Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia, e tódalas disposicións que se opoñan ó disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira

Autorízase a Xunta de Galicia para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación da presente lei.

Disposición derradeira segunda

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 1993

Manuel Fraga Iribarne
Presidente